

PROXECTOS DE CREACIÓN DE PEQUENAS E MEDIANAS EMPRESAS OU REALIZACIÓN DE INVESTIMENTOS EN EMPRESAS NOVAS PROMOVIDAS POR NOVOS EMPREENDEDORES (2013)

31 MAIO DO 2013

SUBVENCIONS AOS PROXECTOS DINAMIZADORES DAS ÁREAS RURAIS PROMOVIDOS POR MICROEMPRESAS PARA O USO DAS TIC'S (MR706A)

CONTIDOS

PROXECTOS DINAMIZADORES DO RURAL 1

PROTECCIÓN AMBIENTAL 1

AXUDAS ÓS INVESTIMENTOS EN TRANSFORMACIÓN E COMERCIALIZACIÓN DOS PRODUTOS DE PESCA, MARISQUEO E ACUI-CULTURA 2

MELLORA INFRA-ESTRUCTURAS ESTABLECEMENTOS HOSTELEIROS 3

AXUDAS A CREACIÓN DE PEMES 4

"REDES SOCIAIS E COMUNICACIÓN 2.0" 5

FINALIDADE: Potenciar o uso das tecnoloxías da información e as comunicacións por parte das empresas de menos de 10 traballadores que estean situadas nas áreas rurais de Galicia. As axudas están destinadas a implantación de equipamento físico (hardware) e aplicacións informáticas (software) nas microempresas que desenvolvan a súa actividade económica no rural, para que aproveiten as tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) xunto con acceso á internet de calidade, no seu proceso de negocio.

BENEFICIARIOS: As empresas privadas, xa sexan persoas físicas ou xurídicas, legalmente constituídas, que teñan domicilio e alta fiscal no IAE para a súa actividade económica en Galicia.

GASTOS SUBVENCIONABLES:

1º. Equipos electrónicos da rede de datos de área local (LAN) da empresa: ordenadores servidores da rede, equipos de comunicacións en rede de cobre ou óptica (switches, routers, amplificadores etc.), equipos de comunicacións de rede sen fíos (puntos de acceso, concentradores etc).
2º. Equipos para a seguridade da rede de datos da empresa.
3º. Elementos do cableado e estruturado.
4º. Subministración e instalación de licenzas de software no equipamento hardware do solicitante.

CUANTÍA DAS AXUDAS: máximo 50 % dos gastos subvencionables.

PLAZO DE PRESENTACIÓN: ata o 7 de Xuño.

REFERENCIA LEXISLATIVA:

Resolución do 7 de agosto de 2012 (DOG N°157 do 20/08/2012) - Bases reguladoras e convocatoria 2012

Resolución do 22 de abril de 2013 (DOG N°87 do 07/05/2013) - Convocatoria 2013

TRAMITACIÓNS E INFORMACIÓN:

a) Páxina web oficial da Agader (<http://agader.xunta.es>), na súa epígrafe de Liña de axudas.
b) O teléfono 981 54 73 82 de Agader.
c) Presencialmente, nas dependencias de Agader, no lugar da Barcia, 56, Laraño, 15897 Santiago de Compostela

AXUDAS ÁS PEMES PARA O FINANCIAMENTO DE ACTUACIÓNS DESTINADAS Á PREVENCIÓN, PROTECCIÓN, MELLORA E

TIPO DE APOIO: axuda a fondo perdido.

BENEFICIARIOS: As pemes que teñan o seu domicilio social ou algún dos seus centros no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia e sexa neste mesmo ámbito territorial no cal desenvolvan ou materialicen o proxecto ou actuación

obxecto da subvención.

ACCIÓNES SUBVENCIONABLES:

a) Investimentos das empresas solicitantes co fin de acadar unha redución das emisións á atmosfera ou unha mellora da calidade do aire.

b) Investimentos das empresas solicitantes destinados a mellorar o seu comportamento

ambiental en materia de xestión e uso sustentable dos recursos e os residuos.

c) Estudos de análise e avaliación de riscos ambientais en instalacións industriais.
d) A implantación e mantemento no Sistema comunitario de xestión e auditoría ambiental (EMAS) segundo o recollido



no Regulamento (CE) nº 1221/2009 do Parlamento Europeo e do Consello.

e) Auditoría para a determinación da pegada de carbono dun único produto por empresa, incluída a consultoría de determinación e a verificación

CUANTÍA DAS AXUDAS:

A) Para investimentos das empresas solicitantes co fin de acadar unha redución das emisións á atmosfera e mellora da calidade do aire: Ata un 80 % dos custos totais subvencionables co límite máximo de 1 5 0 . 0 0 0 € .

b) Para investimentos das empresas solicitantes destinadas

á xestión dos recursos e dos residuos: Ata un 80 % dos custos totais subvencionables cun límite máximo de 1 5 0 . 0 0 0 € .

c) Para a realización dos estudos de análise e avaliación de riscos ambientais en instalacións industriais: Ata un 60 % do custo da análise de risco ambiental, cun límite máximo de 1 0 . 0 0 0 € .

d) Para a implantación e mantemento do Sistema comunitario de xestión e auditoría ambiental (EMAS): Ata un 60 % do custo da implantación e verificación para os beneficiarios que realicen a implantación e inscrición no

Sistema comunitario de xestión e auditoría ambiental

PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES: 7 de Xuño do 2013.

REFERENCIA LEXISLATIVA: Orde do 1 de abril de 2013 (DOG Nº 87 do 07/05/2013) - Bases reguladoras e convocatoria 2013

INFORMACIÓN E TRAMITACIÓN: Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas.

TIPO DE AXUDA: bonificación de xuros de préstamos. Axuda de minimis, en réxime de concorrencia non competitiva.

AXUDAS ÓS INVESTIMENTOS EN TRANSFORMACIÓN E COMERCIALIZACIÓN DOS PRODUTOS DE PESCA, MARISQUEO E ACUICULTURA

BENEFICIARIOS:

1. As persoas físicas ou xurídicas titulares de establecementos de transformación e/ou comercialización de produtos da pesca, o marisqueo e a acuicultura xa existentes na Comunidade Autónoma de Galicia, e aquelas que establezan novos centros.
2. As confrarías de pescadores e organizacións profesionais do sector da pesca, marisqueo e acuicultura unicamente po-

derán solicitar axudas por esta medida, para investimentos que non sexan subvencionables polas medidas do Fondo Europeo da Pesca 3.3

REQUISITOS: serán subvencionables os investimentos en activos fixos materiais novos para a creación, ampliación e modernización das instalacións situadas en Galicia destinadas á transformación e/ou comercialización de produtos da pesca, o marisqueo e a acuicultura,

que teñan por obxecto un ou varios dos seguintes investimentos e actuacións:

- a) A mellora das condicións de traballo .
- b) A mellora e o seguimento das condicións hixiénicas e de saúde pública ou da calidade dos produtos .
- c) A produción de produtos de alta calidade para mercados altamente especializados



- c) A produción de produtos de alta calidade para mercados altamente especializados.
- d) A redución do impacto negativo no ambiente.
- e) Unha mellor utilización de especies pouco aproveitadas, subprodutos e residuos.
- f) A produción ou comercialización de novos produtos, a aplicación de novas tecnoloxías ou o desenvolvemento de métodos innovadores de produción ou comercialización.
- g) A comercialización de produtos procedentes esencialmente dos desembarques locais e da acuicultura.

CUALIFICACIÓN REQUERIDA DO PROXECTO: Certificación de non inicio. Como norma xeral, os investimentos ou gastos para os cales se solicita axuda non se poderán iniciar antes da data de presentación da solicitude de axuda, nin antes da realización da acta de comprobación previa por parte dos servizos da Consellería do Mar, en caso de investimentos materiais. A non realización de investimentos inmateriais demostrarase mediante a data da factura correspondente.

O non inicio acreditarase mediante certificación dos servizos da Consellería do Mar e non serán válidas as actas notariais ou documentos similares realizados para este fin.

GASTOS COMPUTABLES: Gastos subvencionables:

- a) Construción, ampliación, modernización ou acondicionamento de bens inmóveis, sempre e cando estea xustificada a súa necesidade para a explotación de que se trate. Estes bens non deberán ter recibido nos últimos dez (10) anos ningunha subvención nacional ou comunitaria que poida comportar duplicidade da axuda.
- b) Maquinaria, instalacións e equipamentos de primeiro uso.
- c) Os gastos de proxecto técnico e dirección de obra ata un límite do 12 por cento do custo indicado no proxecto, sempre que a actuación a que se refira resulte seleccionada.
- d) Instalacións telefónicas e fax, equipamentos e programas informáticos relacionados coas actividades de produción e de comercialización da empresa. Exclúense os equipamentos in-



formáticos portátiles.
e) Elementos de transporte interno, sempre que formen parte integrante do proxecto que se presenta.

CONTÍA DAS AXUDAS: menor ou igual o 60%

PRAZO PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES: ata o 10/06/2013

REFERENCIA LEGISLATIVA: Orde do 29 de abril de 2013 (DOG N°89 do 10/05/2013) - Bases reguladoras e convocatoria 2013

INFORMACIÓN:

Consellería do Mar (Dirección Xeral de Competitividade e Innovación Tecnolóxica).
Teléfono: 981 546 295

TRAMITACIÓN: As delegación territoriais da Consellería do Mar

SUBVENCIÓNS PARA INCENTIVAR O TURISMO MEDIANTE A MELLORA DAS INFRAESTRUTURAS DE ESTABLECEMENTOS HOTELEIROS DO GRUPO I, ALBERGUES TURÍSTICOS, EMPRESAS DE SERVIZOS TURÍSTICOS COMPLEMENTARIOS E RESTAURANTES (TU983M)

BENEFICIARIOS: persoas físicas E persoas xurídicas constituídas baixo forma mercantil ou civil e as comunidades de bens que reúnan os requisitos establecidos nestas bases e que teñan autorizada ou clasificada, conforme establece a normativa turística, no Rexistro de Empresas e Actividades Turísticas da Xunta de Galicia (en diante REAT) a actividade turística para a cal se solicita a axuda.

INVESTIMENTOS COMPUTABLES: Actuacións relativas á moderniza-

ción das instalacións, Actuacións destinadas ao aumento da categoría do establecemento. actuacións destinadas a mellorar as condicións de accesibilidade e supresión de barreiras arquitectónicas, actuacións destinadas á renovación, tecnificación e innovación que conduzan á implantación de sistemas de protección e mellora ambiental e bras destinadas á mellora das instalacións coa finalidade de obter a certificación de calidade.

CONTÍA: ata un 40 % do investimento

PRAZO PRESENTACIÓN: ata o 08/06/2013

REFERENCIA LEGISLATIVA: Orde do 29 de abril de 2013 (DOG N°88 do 8/05/2013) - Bases reguladoras e convocatoria 2013

INFORMACIÓN: Axencia Turismo de Galicia, a través dos seguintes medios:
a) Páxina web oficial da Axencia Turismo de Galicia (<http://turismo.xunta.es/>).
b) Os teléfonos 981 54 74 04 e 981 54 63 64 e o fax 981 54 63 71 da devandita axencia.
c) Enderezo electrónico axudas.turismo@xunta.es
d) Presencialmente.

FINALIDADE:

Fomentar a aparición de proxectos de creación de pequenas e medianas empresas ou de realización de investimentos en pequenas e medianas empresas novas promovidas por novos emprendedores.

REQUISITOS PRINCIPAIS:

Serán subvencionables os proxectos de creación de pequenas e medianas empresas ou de realización de investimentos en pequenas e medianas empresas novas promovidas por novos emprendedores para a ampliación do seu novo establecemento que cumpran os requisitos establecidos nestas bases reguladoras, entre eles:

- a) Non teñan comezado antes da presentación da solicitude de axuda.
- b) Presenten un custo subvencionable superior a 35.000€ e non superior a 500.000€, que se realizará no prazo de execución do proxecto que se estableza na resolución de concesión; se o custo subvencionable resultase superior a 500.000 €, o Igape reduciría a base subvencionada a esta cantidade.
- c) Os gastos e/ou investimentos subvencionables terán que estar localizados no centro de traballo da empresa en Galicia.

Considérase novo emprendedor, para os efectos destas bases, aquela persoa física que non estea acometendo outra actividade económica por conta propia á data de presentación da solicitude de axuda. Considerarase que non se cumpre esta condición cando

unha persoa no momento da solicitude figure de alta no RETA cunha antigüidade superior a un ano ou detente unha participación igual ou superior ao 25% noutra sociedade mercantil.

INVESTIMENTOS OU GASTOS COMPUTABLES:

a) Investimentos realizados en:

- i.- Obra civil para construción, reforma ou habilitación de instalacións.
- ii.- Bens de equipamento: maquinaria de proceso, utensilios, equipamentos informáticos, mobiliario, instalacións específicas para a actividade subvencionable, elementos de transporte interior, vehículos especiais de transporte exterior, medios de protección do ambiente e outros bens de equipamento ligados ao proxecto. Nos sectores do transporte e loxístico non serán subvencionables os elementos de transporte exterior.
- iii.- Outros investimentos en activos fixos mobiliarios.
- iv.- Investimentos en inmaterial: aplicacións informáticas, gastos de investigación e desenvolvemento; propiedade industrial e intelectual, podendo incluír licenzas de fabricación, patentes e o canon fixo de franquías no seu primeiro ano.

b) Gastos de aprovisionamentos de materias primas, produtos terminados ou servizos de profesionais independentes necesarios para vender un produto ou servizo. Podendo representar ata o 10% do proxecto subvencionado total.



c) Os gastos de aluguer de bens inmoables, ata un prazo máximo dun ano.

d) Os gastos do informe de auditor.

CONTÍA DAS AXUDAS:

Entre un mínimo dun 15% dos gastos subvencionables e un máximo do 50%.

PLAZO PRESENTACIÓN SOLICITUDES:

O prazo de presentación de solicitudes comezará o día seguinte ao da publicación desta resolución no Diario Oficial de Galicia e rematará o 30 de outubro de 2013 ou no intre do esgotamento do crédito orzamentario.

REFERENCIA LEXISLATIVA:

Resolución do 20 de maio (DOG N° 102 do 30/05/2013) - Bases reguladoras e convocatoria 2013.

INFORMACIÓN E TRAMITACIÓN:

Información nas oficinas territoriais do IGAPE e a través do teléfono 902 300 903 ou 981 54 11 47. Tamén a través de www.igape.es ou en informa@igape.es

PROGRAMA DE FORMACIÓN
“REDES SOCIAIS E COMUNICACIÓN 2.0”

Página 5

O Programa Voluntariado Dixital vai poñer en marcha o próximo mes de xuño, o Programa de Formación "Redes sociais e Comunicación 2.0". Co obxectivo de ofrecer capacitación nesta materia, así como, presentar varios casos reais da utilización destas tecnoloxías en autónomos e micropemes de sectores tales como, turismo, hostelería, restauración e moda.

O curso está composto de catro módulos:

Parte I: Redes sociais e comunicación 2.0(Días 6 e 7 de xuño)

Parte II: Identidade dixital (Días 13 e 14 de xuño)

Parte III: Community manager (Días 20 e 21 de xuño)

Parte IV: Crowdfunding (Días 27 e 28 de xuño)

Se estades interesados en participar con nós nestes programas formativos, poderedes formalizar a inscrición a través da seguinte ligazón:

<http://bit.ly/10ZyoaZ>

A inscrición no primeiro módulo finaliza o próximo 5 de xuño as 14.30.

Máis información no teléfono :

881 995 200

Centro demostrador Tic de Galicia

(Santiago de Compostela).



Teléfono/fax: 986 891 657

Móvil: 663 881 047

Correo: apegalicia@hotmail.com

Praza España Nº1 Andar 1º Esq.

Oficina 1ª

CP: 36002

Pontevedra

Estamos en la Web: www.apegalicia.es